



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C.P.27250
C.I.F. P-2701000H - R.E.L. 01270109 concello.castroderei@eidolocal.es



Expte: 1057/2022

Contrato Menor: Obra para Instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos, en Castro Riberas de Lea. (Instituto Enerxético de Galicia. Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia)

Procedemento de adxudicación e regulación: Menor, artigos 118 e 131 da LCSP. Como contrato específico de obras, artigos 231 a 246 da LCSP.

INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO MENOR E DEMÁIS REQUISITOS ESIXIDOS NO ARTIGO 118 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

No artigo 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpöñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP) está previsto respecto da adxudicación dos contratos das Administracións Públicas, o contrato menor regulado no artigo 118 do citado texto legal.

De conformidade co establecido no artigo 101 da LCSP o valor estimado nesta contratación ascende a trinta e oito mil trescentos cincuenta e oito euros con oitenta e sete céntimos (38.358,87)€ polo que procede a utilización da contratación menor dacordo co artigo 118.1 do citado texto legal.

Esta actuación inclúese dentro da Resolución de concesión de axuda correspondente ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (Programa MOVES III), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea (Next Generation EU) do Instituto Enerxético de Galicia, que tivo entrada no concello o 04/07/2022 co nº 1811.

Esta actuación está subvencionada polo importe de 23.195,50 euros e o importe restante da execución con fondos propios do concello.

Este Proxecto está dentro do Programa de incentivos 2: Implantación de Infraestruturas de Recarga de Vehículos Eléctricos.

A finalidade que persegue este contrato é a instalación dunha estación de recarga para vehículos eléctricos en Praza García Abad de Castro Riberas de Lea, dacordo co proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial José Manuel Martínez Grandal e asinado o 15 de decembro de 2022.

Dacordo co artigo 25.2:g) da Lei de bases de réxime local o concello exerce como competencia propia na materia de *Tráfico, estacionamiento de vehículos y movilidad. Transporte colectivo*.

O artigo 118.2 da LCSP esixe que o órgano de contratación xustifique a necesidade do contrato e comprobe que non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado primeiro do citado artigo é dicir o valor estimado de 40.000€ para contratos de obras.

Polo exposto anteriormente esta alcaldía considera que se dá cumprimento ó establecido no citado artigo 118.2 da LCSP e xustifícase a utilización do procedemento de contratación menor polo importe estimado de 38.358,87€ (máis o 21% de IVE, que representa un importe de 38.055,36€), facendo un total de 46.414,23€.



Cod. Validación: 6SH7WGLRF4SMLX2WIDYEPQ72PZ | Corrección: <https://castroderel.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C.P.27250
C.I.F. P-2701000H - R.E.L. 01270109 concello.castroderei@eidolocal.es



MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOGRÁFICO



Instituto para la Diversificación
y Ahorro de la Energía



Dado que a plataforma de contratos de Galicia non ten habilitado o procedemento necesario para dar publicidade ao contrato menor, procederase a cursar invitacións as empresas e ó envío dun anuncio no xornal de maior difusión para que poida presentarse calquera empresa interesada.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



inega Instituto Enerxético
de Galicia



Cod. Validación: 6SH7WGRLRF4SMLX2WDEPQT2PZ | Corrección: <https://castroderoi.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2